



Información xeral

Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de 18 anos

Curso 2022-2023

Sumario

1	Introdución.....	3
2	Normativa.....	4
3	Regulamento da proba.....	5
	Quen se pode presentar.....	5
	Como son as probas.....	5
	Como se cualifican.....	6
	Cando se convocan e celebran.....	7
	Que valor teñen as cualificacións obtidas nestas probas.....	7
	Que estudos anteriores son homologables para estas probas.....	8
4	Contidos das probas.....	10
	Ámbito lingüístico.....	10
	Ámbito social.....	11
	Ámbito Científico-Tecnolóxico.....	11
5	Exemplos de exames.....	13
6	Máis información.....	13



1 Introducción

O título de graduado en secundaria é o título básico do sistema educativo español. Con el pódese acceder á formación profesional específica de grao medio ou aos estudos de bacharelato. Moitas persoas incorpóranse tamén directamente ao mundo laboral despois de obtelo.

Para as persoas adultas, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego mellor. Entre outras cousas, é condición indispensable para acceder a moitos postos de traballo convocados polas administracións públicas.

Aínda que existe en Galicia unha oferta ampla de ensinanzas presenciais, semipresenciais e a distancia a través das que as persoas adultas poden conseguir este título, moitas persoas optan por presentarse ás probas que se convocan todos os anos con esta finalidade. O interese nelas medra constantemente. Por todo isto, parece importante ofrecer esta información básica sobre as probas, para servir de orientación a todas as persoas interesadas en presentarse a elas.

2 Normativa

As probas para a obtención do título de graduado en secundaria están reguladas por estas disposicións:

- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 19 de febreiro de 2009, pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos (DOG do 4 de marzo).
- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos (DOG de 20 de febreiro de 2012).
- Cada ano publícase unha resolución que convoca estas probas para as convocatorias de maio e setembro. A última publicada é a do 4 de febreiro de 2022 (DOG do 16 de febreiro).
- Orde Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 12 de abril do 2018).

3 Regulamento da proba

Quen se pode presentar

Pódense presentar a estas probas todas as persoas que teñan cumpridos **dezaoito anos o día anterior á data na que se celebren as probas**. Así, por exemplo, se os exames se celebran o 31 de maio, pódense presentar todas aquelas persoas que teñan cumpridos dezaoito anos o 30 de maio. Non existen excepcións a esta regra, nin por motivos laborais nin por motivos de calquera outra índole.

Os/as aspirantes **non poderán estar matriculados** de forma oficial nas ensinanzas de **educación secundaria ordinaria** nin nas ensinanzas de **formación profesional básica**.

O alumnado matriculado durante o curso 2021-2022 na **educación secundaria para persoas adultas**, para acudir á **primeira convocatoria**, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

Como son as probas

A excepción dos exercicios de redacción das probas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura, as preguntas incluídas nas probas serán tipo test cunha única resposta correcta. As probas están estruturadas en tres ámbitos:

- **Ámbito da Comunicación:** inclúe probas específicas correspondentes a Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Lingua Estranxeira. Cada proba constará de 20 preguntas, ademais de incluír unha proposta de redacción nas probas de Lingua Galega e Castelá.

Nos exames de lingua galega e castelá incluíranse dous textos, un de carácter máis informativo e outro de carácter literario narrativo. Sobre cada texto formularanse 4 preguntas de comprensión e 6 preguntas do resto de contidos (ortografía, léxico, funcións sintácticas, clases de palabras, sociolingüística, recursos literarios, etc).

Na proba de Lingua Estranxeira incluírase un texto e unha imaxe, sobre os que versarán a metade das preguntas formuladas. O resto das preguntas serán de carácter gramatical.

- **Ámbito Científico-Tecnolóxico:** inclúe exercicios das materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía, así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación física.
- **Ámbito social:** inclúe fundamentalmente exercicios das materias de Xeografía e Historia, pero tamén de Economía e de Iniciación a Actividade Emprendedora Empresarial, así como aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e de Música. A proba constará de dous textos, un de carácter xeográfico (trazos físicos, economía, demografía etc.) e outro de carácter histórico, sobre os que se formularán as preguntas.

Os contidos sobre os que o adulto será avaliado figuran no apartado 4 desta guía.

Como se cualifican

A persoa aspirante recibirá unha única cualificación para cada ámbito. Isto quere dicir que, por exemplo, no ámbito lingüístico, non recibirá unha cualificación para Lingua Castelá, outra para Lingua Galega e unha terceira para Lingua Estranxeira, senón unha cualificación global para todo o ámbito.

A persoa aspirante recibirá un punto por cada cuestión tipo test correctamente contestada, mentres que cada resposta errónea restará 0,25 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.

As cualificacións de cada ámbito outorgaranse consonte a seguinte escala:

Ámbito	Puntuación máxima	Puntuación	Cualificación
Científico-Tecnolóxico - Matemáticas - Física e Química e Tecnoloxía - Bioloxía e Xeoloxía	Total: 55	52 a 55	Sobresaliente (10)
	20	47 a 51,99	Sobresaliente (9)
	20	42 a 46,99	Notable (8)
		37 a 41,99	Notable (7)
	15	32 a 36,99	Ben (6)
		27 a 31,99	Suficiente (5)
		Menos de 27	Insuficiente (1-4)
Social	25	23 a 25	Sobresaliente (10)
		21 a 22,99	Sobresaliente (9)
		19 a 20,99	Notable (8)
		17 a 18,99	Notable (7)
		15 a 16,99	Ben (6)

		12 a 14,99 Menos de 12	Suficiente (5) Insuficiente (1-4)
Comunicación	Total: 100	95 a 100	Sobresaliente (10)
- Lingua Galega e Lit. Redacción	20	86 a 94,99	Sobresaliente (9)
Cuestións tipo test	20	77 a 85,99	Notable (8)
- Lingua Castelá e Lit. Redacción	20	68 a 76,99	Notable (7)
Cuestións tipo test	20	59 a 67,99	Ben (6)
- Lingua estranxeira	20	50 a 58,99	Suficiente (5)
		Menos de 50	Insuficiente (1-4)

No caso das persoas exentas de lingua galega a puntuación máxima será de 60 puntos.

Cando se convocan e celebran

As probas celébranse dúas veces ao ano. As datas exactas de celebración, as datas de matriculación, os lugares de inscrición e celebración das probas, etc. establécense na resolución que convoca as probas que se convoca con certa antelación no portal educativo da Xunta de Galicia, na ligazón <http://www.edu.xunta.es/portal/node/1238>.

Que valor teñen as cualificacións obtidas nestas probas

As persoas que obteñan avaliación positiva nos tres ámbitos das probas serán propostas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

As persoas que superen un ou dous dos ámbitos manteñen esa cualificación para posteriores convocatorias das probas. É dicir, unha persoa que supere calquera dos ámbitos non debe volver a examinarse dese ámbito ou deses ámbitos e conserva a nota para posteriores convocatorias.

Os ámbitos superados nestas probas teñen tamén validez para as ensinanzas regradas. Así, unha persoa que supere, por exemplo, o ámbito lingüístico pode acudir despois a un centro de adultos ou a un instituto para que lle dean por aprobado o ámbito correspondente (secundaria para persoas adultas) ou as materias de 4º curso da ESO integradas nese ámbito.



Que estudos anteriores son homologables para estas probas

Como norma xeral, son homologables aqueles estudos que equivalen a algún ámbito completo das probas. Isto significa que non poden darse por superadas materias illadas se non se corresponden coas que integran un ámbito.

As persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas para a obtención do título de graduado en ESO para maiores de dezoito anos en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do cadro seguinte, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

	SISTEMA ACTUAL		SISTEMAS EDUCATIVOS ANTERIORES				
Ámbitos exentos	Materias de educación secundaria obrigatoria de 4º de ESO (Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Módulos dos ciclos da formación profesional básica definidos pola Lei orgánica 8/2013	Materias de educación secundaria obrigatoria de 4º de ESO (Decreto 133/2007, do 5 de xullo)	Materias e ámbitos do programa de diversificación curricular de 4º de ESO (Orde do 30 de xullo de 2007)	4º módulo (nivel II) dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas ou módulos voluntarios de PCPI	4º módulo dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas, currículo LOXSE	Materias de 2º curso de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto)
Ámbito de comunicación	Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e primeira ou segunda Lingua Estranxeira	Módulo de Comunicación e Sociedade II	Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, e primeira ou segunda Lingua Estranxeira	Ámbito lingüístico-social e a materia de Lingua Estranxeira	Comunicación	Comunicación	Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Lingua Estranxeira
Ámbito social	Xeografía e Historia	Módulo de Comunicación e Sociedade II	Ciencias Sociais e Xeografía e Historia	Ámbito lingüístico-social	Social	Da sociedade	Xeografía Humana e Historia
Ámbito científico-tecnolóxico	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, e Tecnoloxía (no caso de non ter cursado algunha das materias deberá ter superada a materia do terceiro curso)	Módulo de Ciencias Aplicadas II	Matemáticas e, polo menos, dúas materias das seguintes: <ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía • Bioloxía e Xeoloxía • Física e Química 	Ámbito científico-técnico e a materia de Tecnoloxía	Científico-tecnolóxico	Ámbito tecnolóxico-matemático e Ámbito da natureza	Matemáticas e Física e Química

Táboa. Equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos.

4 Contidos das probas

Os contidos de referencia para as materias que integran os ámbitos desta proba son os que figuran no currículo da educación secundaria para persoas adultas, na [Orde do 20 de marzo de 2018](#)¹ pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde pódense consultar os contidos correspondentes a cada bloque temático de cada ámbito.

Ámbito lingüístico

Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura

- Módulos 1, 2, 3 e 4
 - Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar
 - Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir
 - Bloque 3: Funcionamento da lingua
 - Bloque 4: Lingua e sociedade
 - Bloque 5: Educación literaria

Lingua estranxeira

- Módulos 1, 2, 3 e 4
 - Bloque 1: Comprensión oral
 - Bloque 2: Expresión oral
 - Bloque 3: Comprensión escrita
 - Bloque 4: Expresión escrita

1 DOG do 12 de abril de 2018: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180412/AnuncioG0164-220318-0004_gl.html



Ámbito social

- Módulo 1
 - Bloque 1: O medio físico
 - Bloque 2: O espazo humano
 - Bloque 3: A historia
- Módulo 2
 - Bloque 1: O medio físico
 - Bloque 2: Economía e tecnoloxía
 - Bloque 3: A historia
- Módulo 3
 - Bloque 1: Historia
 - Bloque 2: Economía
- Módulo 4
 - Bloque 1: A historia
 - Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

Ámbito Científico-Tecnolóxico

- Módulo 1
 - Bloque 1: Números e álgebra
 - Bloque 2: Xeometría
 - Bloque 3: Funcións
 - Bloque 4: Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas
 - Bloque 5: A Terra como planeta
 - Bloque 6: O relevo terrestre e a súa evolución
 - Bloque 7: A biodiversidade das poboacións no planeta Terra
 - Bloque 8: Ecosistemas e biodiversidade



■ Módulo 2

- Bloque 1: Números e álgebra
- Bloque 2: Xeometría
- Bloque 3: Funcións
- Bloque 4: Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas
- Bloque 5: A materia I
- Bloque 6: A materia II
- Bloque 7: Os cambios
- Bloque 8: O movemento

■ Módulo 3

- Bloque 1: Números e álgebra
- Bloque 2: Xeometría
- Bloque 3: Funcións
- Bloque 4: Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas
- Bloque 5: Movementos e forzas
- Bloque 6: Enerxía I
- Bloque 7: Enerxía II
- Bloque 8: Os cambios

■ Módulo 4

- Bloque 1: Números e álgebra
- Bloque 2: Xeometría
- Bloque 3: Funcións
- Bloque 4: Estatística e probabilidade
- Bloque 5: A orixe e evolución da Terra e da vida
- Bloque 6: A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos
- Bloque 7: As persoas e a saúde. Promoción da saúde
- Bloque 8: Ecoloxía e ambiente. Xestión sustentable do planeta

5 Exemplos de exames

Os exames incluirán exclusivamente preguntas de respostas pechadas. É dicir, cada pregunta dos exames incluirá tres respostas, entre as que o candidato ou candidata terá que elixir a correcta. En calquera caso, de acordo co que establece a normativa, manterase o exercicio de redacción en lingua galega e lingua castelá.

Pode consultar os exames de convocatorias anteriores e as súas solucións no seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/1238>.

6 Máis información

Para maior información poden dirixirse a:

Asesoría de Aprendizaxe Permanente.

Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Xunta de Galicia.

Correo electrónico: educadultos@edu.xunta.gal.

Teléfono 981 546549 / 981 540 289.